

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta de bases para confeccionar unha listaxe para a cobertura de prazas de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (Subgrupo C2), como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, efectuada pola Concelleira de Servizos Sociais e Maiores, Persoal, Igualdade e Benestar animal.

O chamamento dos aspirantes que conformen a listaxe realizarase por razóns de necesidade e urxencia por vacantes, para a substitución transitoria dos titulares de prazas con igual categoría, a fin de cubrir vacantes temporalmente, execución de programas de carácter temporal, así como para a acumulación de tarefas nos distintos servizos, neste último caso, por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras para confeccionar unha listaxe para a cobertura de prazas de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (Subgrupo C2), como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público polo procedemento de oposición libre.

**SEGUNDO.-** Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: [www.meis.gal](http://www.meis.gal).

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asíno a alcaldesa Dna. Marta Giráldez Barral, en Meis; do que, a secretaría, dá fe.

**ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

